

**FÓRA DE LUGAR: CORPOS (IN)TANXIBLES
NAS CULTURAS MINORIZADAS
DA PENÍNSULA IBÉRICA.
LITERATURA, CINE Y ARTE**

VARSOVIA (POLONIA) 14-15 DE NOVEMBRO DE 2019

INSTITUTO DE ESTUDOS IBÉRICOS E IBEROAMERICANOS DA UNIVERSIDADE DE VARSOVIA

GRUPO DE INVESTIGACIÓN (OUTRA)IBERIA: OUTRAS REPRESENTACIÓNS, CULTURAS E
IDENTIDADES NA PENÍNSULA IBÉRICA

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS DE VARSOVIA

INSTITUTO VASCO ETXEPARE

INSTITUT RAMON LLULL

INTITUTO CAMÕES

ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS

INSTITUTO CERVANTES DE VARSOVIA

“O propio corpo está no mundo como o corazón no organismo:
mantén continuamente en vida o espectáculo visible, ánimo e
aliméntao interiormente, forma con el un sistema”

Maurice Merleau-Ponty

Con este congreso preténdese investigar como a literatura, a arte e o cine cataláns, galegos, vascos e mirandeses conceptualizan, desde o enfoque corporal, a alteridade. Interesaranos como se constrúe o Outro desde a perspectiva das culturas minorizadas e como en referencia a este Outro se crean as identidades propias; e, por outra parte, como as culturas dominantes (a española e a portuguesa, respectivamente) inscriben a outridade nas culturas minorizadas, tamén queremos examinar que valores se atribúen ao Outro e como se manifestan a través do corpo desde ambas as perspectivas. Propoñemos así mesmo estudar que áreas de alteridade se enmarcan dentro das identidades catalá, galega, vasca e mirandesa, como tamén as súas posibles variantes e o seu carácter pluridimensional.

A categoría do outro é fundamentalmente contextual e irreductible a unha simple negación da identidade propia baseada en oposicións binarias. As mesmas persoas, dependendo das circunstancias inclúense ou exclúense do grupo (considerado) propio. Neste sentido, a relación co alleo é sempre dinámica. A outridade emerxe máis frecuentemente e de forma máis evidente nas situacións de crise, conflito ou cambio. En varias etnias e nacións tanto a calidade de alleo como os atributos “do noso” maniféstanse a través dunha serie de trazos físicos, psicolóxicos ou intelectuais, é dicir, atópanse ancorados na corporalidade.

O que é evidente é que non se trata dunha mera representación corporal baseada nun estereotipo. A outridad alude a unha orde simbólica que se estende máis alá dunha metaforización das características non aceptables dentro dun grupo concreto. O outro a miúdo resulta ambiguo, unha categoría do *numinosum* (Otto 2006), que une o reprobable e o admirable, o horroroso e o fascinante, ou sexa, ten un carácter profundamente mediador (Benedyktowicz 2001), o que é máis observable no caso dos outros “internos”, como por exemplo bruxos e bruxas, tolos, vagabundos, persoas fisicamente marcadas por algunha deformación *etc.* Exprésase polo visible e o invisible, o captable e o meramente perceptible, o tanxible e intanxible. Por unha parte é un símbolo capaz de absorber calquera contido, por outra parte, responde aos valores, temores e á imaxe “do noso” dentro dun grupo determinado. De aí deriva a súa función cognitiva, non soamente no marco de coñecer o outro, senón tamén de coñecerse a si mesmo.

Porén, as representacións corporais do Outro, non as tratamos soamente como presenzas simbólicas. Como afirma Merleau-Ponty, o ser humano ademais de ter un corpo simbólico ou sociocultural ten tamén un corpo “natural” a través do que experimenta o mundo. Aínda máis, a única experiencia posible é a que se realiza mediante o corpo. Esta experiencia enténdese como recíproca: ver implica ser visto, tocar supón ser tocado. Percibimos o outro desde o noso corpo e a partir do seu. Neste sentido a corporalidade posibilita tanto o noso “ensimesmamento” como a nosa “alteración” (2003: 48). O mundo deste modo enténdese como campo ou dimensión de existencia compartida. Desde esta perspectiva a *outridade radical* que sexa unha simple negación do “eu” queda excluída.

Este *corpo vivo* do que fala Merleau-Ponty está presente na produción literaria, cinematográfica e artística non soamente como unha representación ou imaxe, senón que tamén ten o seu reflexo na organización espacial de toda obra -se nos referimos ás dúas últimas formas de creación-. Tuas parte da premisa de que o corpo humano non só se atopa no espazo, senón que o constrúe (1987: 52). A presenza do corpo humano no espazo serve como modelo para os conceptos espaciais básicos de arriba e abaixo, o lado esquerdo e dereito e posibilita entender o de fóra do fotograma ou do marco do cadro percibíndoo como parte de algo máis amplo. Ditos conceptos sempre conservan un significado determinado polas prácticas culturais. Polo tanto, neste congreso analizaremos a conexión entre a construción do Outro a través do corpo na creación literaria, cinematográfica e artística das culturas minorizadas da Península Ibérica.

INVITADOS/AS CON CONFERENCIA PLENARIA

Danny Barreto (Colgate University)

Joxean Fernández

Iratxe Fresneda

Margarita Ledo Andi6n

Realizadora catal6 por confirmar

Realizador portugu6s por confirmar

COMIT6 CIENTIFICO

Ant6nio B6rbolo 6lves (Universidade de Tr6s-os-Montes e Alto Douro)

Carme Fern6ndez P6rez-Sanjuli6n (Universidade da Coru6a)

Maria Filipowicz-Rudek (Universidade Jaguel6nica)

Helena Gonz6lez Fern6ndez (Universitat de Barcelona)

Urszula Ługowska (Universidade de Varsovia)

Josep-Anton Fern6ndez (Universitat Oberta de Catalunya)

Cristina Martins (Universidade de Coimbra)

Katarzyna Moszczy6nska (Universidade de Varsovia)

Mari Jose Olaziregi (EHU-UPV)

Meri Torras (Universitat Aut6noma de Barcelona)

Dolores Vilavedra (Universidade de Santiago de Compostela)

COMIT6 ORGANIZADOR

Presidenta: Maria Boguszewicz (Universidade de Varsovia)

Secretaria: Natalia Szejko (Universidade de Medicina de Varsovia)

Aitor Arruza Zuazo (Universidade de Varsovia)

Mich6ł Belina (Universidade de Varsovia)

Magdalena Gajewska (Universidade de Varsovia)

Ana Garrido Gonz6lez (Universidade de Varsovia)

Alfons Gregori (Universidade Adam Mickiewicz de Pozna6)

Borxa Logares Carbajales (Universidade de Varsovia)

Marta Pawlikowska (Universidade de Łódź)

Julia Skalska (Universidade de Varsovia)

COMUNICACIÓNS

As comunicacións poderán realizarse en galego, euskera, catalán, castelán, portugués, mirandés e inglés e serán de 20 minutos.

As propostas de comunicación deben enviarse a través da páxina web do congreso na lapela “Formulario de inscrición” no enderezo da páxina web: <http://otraiberiavarsovia.wordpress.com/congreso-2019/formulario-de-inscripcion/> antes do 15 de xuño de 2019.

O ingreso da cota de inscrición de 60 EUROS / 250 PLN ten que ser efectuado antes do 31 de agosto de 2019.

Os artigos derivados do congreso, tras previa aceptación por parte dos/as editores/as, publicaranse na revista indexada *Iberian Studies* da Universidade Iaguelónica: <https://filg.uj.edu.pl/nauka/wydawnictwa/studia-iberystyczne/normy-redakcyjne>. A data límite de recepción de propostas será o 31 de decembro de 2019.

Para máis información pódese visitar a páxina web do congreso <http://otraiberiavarsovia.wordpress.com>

Todas as preguntas pódense dirixir ao correo do congreso otraiberiavarsovia@gmail.com

